



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 14 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00055730D.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00046150C.

Aprobación do convenio coa empresa Sionlla Biotech S.L. promotora do proxecto de interese municipal para o concello de Santiago "Centro de servizos innovadores para empresas biotecnolóxicas (CSIEB)" ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración coa empresa SIONLLA BIOTECH SL.

Segundo.- Aprobación do gasto correspondente para esta subvención nominativa por valor de **300.000.-€** con cargo á aplicación 010 43300 7700001 dos orzamentos municipais de 2022

3. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00051079G.

Aprobación do recoñecemento das obrigas derivadas do veredicto do xurado do XV Premio Internacional "Compostela" para Álbums Ilustrados.

Acórdase:

1.- Aprobar o recoñecemento das obrigas derivadas do veredicto do xurado do XV Premio Internacional "Compostela" para Álbums Ilustrados, por importe de 9.000,00 euros (dos cales o Concello de Santiago de Compostela aporta 8.000,00 euros e a Editorial Kalandraka os 1.000,00 euros restantes) que nesta edición recaeu na obra "Esperando el amanecer", de Fabiola del Rocío Anchorena Arias de Lima (Perú).

2.- O gasto satisfarase con cargo á aplicación orzamentaria municipal 080 32600 4890100.

3.- O premio estará suxeito á retención fiscal que corresponda de acordo coa normativa de aplicación.

4. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00046190Z.

Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Instituto de Educación Secundaria "Rosalía de Castro" para o financiamento do Bacharelato Internacional. Ano 2022.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Instituto de Educación Secundaria "Rosalía de Castro" para o financiamento do Bacharelato Internacional.

5. COMERCIO. Referencia: 2022/00043717W.

Aprobación da concesión e xustificación de axudas ao abeiro da convocatoria de subvencións para a mellora e innovación do comercio local. Programa Coidar para mellorar, anualidade 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a concesión e xustificación das seguintes axudas polos importes ás 45 solicitudes que seguen:

RAZÓN SOCIAL /NOME E APELIDOS	Importe concedido
FILLOAS CELTAS S.L.	5.000,00 €
SPAGAT S.L.	5.000,00 €
LA MOTO DE BABEL S.L.	2.695,20 €
RESTAURANTE SAN CLEMENTE S.L.	2.792,00 €
BARAKA ANIMAL S.L.	2.990,02 €
TEIMA LABREGA S. COOP. GALEGA	5.000,00 €
CADARPE SANTIAGO S.L.	5.000,00 €
NOYA SUÁREZ, JOSÉ CARLOS	3.064,00 €
ESTÉTICA AVANZADA ZAITEZ S.C.	1.309,08 €
SEBILLAUD, EVA CHLOE	2.867,50 €
CONGELADOS JOSÉ BERMÚDEZ, S.L.	5.000,00 €
CATOIRA CALDAS, JOAQUÍN JOSÉ	572,56 €
INVERSIONES ESN S.L.	876,00 €
BACALLAU JOSÉ BERMÚDEZ S.L.	5.000,00 €
GRUPO COMPOSTELA 2019 S.C.	1.796,00 €
SANTOS E GONTA S.L.	541,46 €
SEIJAS Y AMIGO S.L.	5.000,00 €
SHOTME COFFEE S.L.	5.000,00 €
MRS 3D LAB, S.L.	5.000,00 €
JORGE CHICO, S.L.	4.413,60 €
REGUEIRA VEIGA, JOSÉ CAMILO	5.000,00 €
DURÁN ORUS, JOSÉ MANUEL	3.812,80 €
ANSIA LÓPEZ, RENATO	3.789,08 €

LA DESTILERÍA DE LAS IDEAS S.L.U.	5.000,00 €
PROMOLOGÍA, ESTRATEGIA DE PROMOCIÓN S.L.	1.934,73 €
CORONAS GALICIA S.L.U.	5.000,00 €
A NAVE DE VIDÁN S.L.	5.000,00 €
PF TECHNOLOGIES CAMPE S.L.	3.523,27 €
LUCOLA BEST NUTRITION SC	1.393,06 €
FILGUEIRAS LÓPEZ, MARISOL	4.795,20 €
EISENSOA SL	1.000,00 €
ANOTHER COW IN THE MILLO SL	3.140,50 €
GRUPO ÓPTICO TABORA, S.L.	5.000,00 €
SIEIRA MARTÍNEZ, CARMEN	2.032,25 €
GRUPO ORIGEN GOURMET SL	1.196,09 €
ATLÁNTICO SPECIALTY COFFEES, S.L.	4.365,72 €
ALTAIRA ARTE E ENSINO SLL	5.000,00 €
COMERCIAL MONTE SL	4.125,67 €
LOUREIRO BUJÁN, YOLANDA	2.615,51 €
LÓPEZ FERNÁNDEZ, EVA	581,14 €
ESTÉTICA TOTAL SL	2.368,80 €
MIRAZO NIETO, DAVID	1.026,40 €
LANDEIRA BARBEIRA, MARÍA CARMEN	4.774,86 €
NINO CENTRO DE IMPRESIÓN DIGITAL SL	3.988,64 €
BICICLETAS OLIVEIRA SL	2.661,62 €
	152.042,76 €

As contías que sofren diminución a respecto das solicitadas corresponden a persoas beneficiarias que non completaron debidamente a súa xustificación segundo os conceptos e cos requisitos que existen as bases e a normativa de aplicación.

A suma total das axudas a conceder ascenden a 152.042,76 euros e van con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 7790101 Proxecto de gasto 2022 4 RLTCO 45.

Segundo: Aprobar o compromiso do gasto e o recoñecemento da obriga a favor das persoas e polos importes indicados no punto primeiro desta proposta de resolución, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 7790101 Proxecto de gasto 2022 4 RLTCO 45.

Terceiro: Denegar as axudas solicitadas a 7 das solicitudes presntadas por duplicidade de slicitudes, incumprimento das base 3ª do parágrafo 4º da convocatoria, e por non atender debidamente ao requirimento de emenda.

Cuarto: Liberar o crédito remanente por importe de 197.957,24 euros na aplicación orzamentaria 010 43100 7790101 Proxecto de gasto 2022 4 RLTCO 45.

6. COMERCIO. Referencia: 2022/00045512A.

Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área comercial para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación do convenio formalizado entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área comercial para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022, e en consecuencia a xustificación da subvención a Fundación Santiago Centro Área comercial, por importe de 32.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Fundación Santiago Centro Área comercial, por importe de 32.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.

7. COMERCIO. Referencia: 2022/00045517P.

Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación do convenio formalizado entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022, e en consecuencia a xustificación da subvención a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela, por importe de 33.150,53 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental, por importe de 33.150,53 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

8. COMERCIO. Referencia: 2022/00044796T.

Aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial na anualidade 2022

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación da subvención concedida á Comunidade de Propietarios Centro comercial Area Central para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial durante a anualidade 2022, por importe de 35.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.

Segundo. Aprobar o recoñecemento da obriga a favor de Comunidade de Propietarios Centro comercial Area Central por importe de 35.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.

9. COMERCIO. Referencia: 2022/00039900A.

Toma de razón da sinatura da adenda ao convenio entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago a través dos bonos Corazón Compostela 2022.

Tómase en consideración da sinatura da adenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago a través dos bonos Corazón Compostela 2022.

